




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Altas. Sector: Costa Norte de Ferrol. Concello: Ferrol. Parroquia: San Martiño de Covas ao norte; San Xoán de Esmelle no centro; San Xurxo da Mariña ao sur. Extensión: 9,48km<sup>2</sup>

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Unidade sedimentaria compartimentada por sectores rochosos froito do retroceso diferencial da costa. A chaira costeira fundaméntase na debilidade dos materiais metamórficos. O brusco contacto coas elevacións costeiras polo leste non evita a posibilidade dalgún fenómeno tectónico orientando a disposición do relevo. Antigo seo mariño, unha gran barra areosa arqueada e apoiada nas puntas de San Xurxo e Cela foi encerrando unha lagoa logo enchida por materiais coluviais e periglaciais procedentes da erosión das ladeiras. Praia e cordón dunar de dimensión considerable, centrados entre Esmelle e San Xurxo, encerran un carrizal alargado en dirección NE-SO e xeran campos de dunas remontantes en ambos os sentidos. Enmarcada por elevacións modestas e pendentes suaves ou moderadas, a irregularidade topográfica principal achégaa o Coto de San Xurxo, de 250m e pendentes habituais do 30%-40%, que enlaza bruscamente coa estreita chaira costeira. Inclúe o EIX Xeoformas e complexo sedimentario de Doniños

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

As metapelitas e metasamitas precámbrico-silúricas da Serie "de Ordes" aparecen no suco central, sobre as que se configura o arco areoso e o espazo hidromorfo. Nas ladeiras e cimas desenvólvese o Hercínico do Macizo de Ferrol: granodiorita deformada postectónica de dúas micas na cima do Couto de San Xurxo e ortogneis biotítico-moskovítico nas súas ladeiras. No SO, na ladeira do Monte de San Xurxo, aflora unha granodiorita postectónica moi grossa de dúas micas. No norte afloran varios lentellóns anfíbólicos, e no extremo SO do areal aparece un dique de pórfidos graníticos. Importantes sedimentos cuaternarios de áreas de praia, dunas e manto eólico e, baixo a zona de carrizos, aluviais e detritos mariños.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Costa sedimentaria incluída dentro do dominio climático Cálido e Subhúmido: temperatura media anual superior a 14°C e precipitacións acumuladas de 1000mm a 1200mm, a amplitude térmica media anual é inferior a 12,5°C.

#### OS SOLOS

Variabilidade litolóxica e contrastes topográficos explican a distribución de solos na unidade. A planicie costeira presenta un fluvisol háptico con trazos de gleificación por drenaxe impedida tras as dunas, nas que se desenvolven arenosos. As vertentes baixas e o suave interfluvio metamórfico do extremo sur conteñen cambisols dístrico-úmbrico. As zonas máis elevadas posúen umbrisois dístrico-lépticos sobre granitos. No caso do Monte San Xurxo poden aparecer arenosos. Nos cantís do extremo setentrional fórmanse cambisols dístricos.


#### AS AUGAS

Unidade que verte á masa de Augas Costeiras 20095. A rede fluvial está composta por unha sucesión de arrosios que procedentes de distintas direccións se encontran en torno ao areal. Os máis significativos son os arrosios de Soagraña e San Xurxo, que desembocan na parte central da unidade e polo sur o Rego do Xuncal. Este último alimentaba a antiga Lagoa de San Xurxo, hoxe importante área hidromorfa colmatada e colonizada pola vexetación.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Costa de Ferrolterra-Valdoviño. Gran complexo sedimentario costeiro, incluído parcialmente no LIC Costa Ártabra, destacando hábitats do grupo 21, dunas marítimas atlánticas. O cordón de dunas presenta campos de dunas remontantes e campo eólico cara ao NE e SO. Existen potencialidades para os hábitats 2230, "Dunas con céspedes de Malcolmietalia" e 2260, "Dunas con vexetación esclerófila do Cisto-Lavanduletalia, do cal dá habida conta a presenza da camaríña Corema álbum. Nos cantís do norte colle especial relevancia o hábitat 1230 de cantís costeiros atlánticos. Un antigo lagoón cuaternario que deu lugar a un hábitat 1150, "Lagoas costeiras" hoxe sem espazo de auga libre pero con hábitats hidromorfos típicos. Unha orla boscosa ripícola (91E0) está en pleno crecemento e, na chaira traseira, aparecen extensos prados húmidos de herbas altas 6420 e 6430. Conta con citas dos taxons vexetais vulnerables protexidos: *Omphalodes littoralis* subsp. *gallaecica*, *Antirrhinum majus* subsp. *linkianum*.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Os usos distribúense desde a fronte de costa até o límite interior da unidade da seguinte forma: o sistema praia-duna, custodiado por saíntes rochosos nos seus extremos, ocupa unha extensa zona proxección cara ao suroeste. As dunas entran en contacto co unha banda descontinua de solos hidromorfos desenvolvidos a partir dos dous principais cursos fluviais -rego de Soagraña e do xuncal-. A ruptura de pendente inaugura a ampla mancha forestal de repoboación tapizando de forma continua as ladeiras que pechan o ámbito polo leste. Os saíntes rochosos da fronte costeira acollen unha cobertura de matogueira costeira descontinua. O panorama de usos complétase co residencial tradicional vinculado ás parroquias de San Martiño de Covas, San Xoán de Esmelle e San Xurxo da Mariña cun reducido e disperso parcelario de cultivos, xunto a un rururbano espontáneo que se expandiu partindo dos citados núcleos até as proximidades da praia, sobre todo na de Vilar.

#### MORFOLOXÍA

Sobre as suaves formas do abanico sedimentario de san Xurxo, que caracteriza a unidade, varias agrupacións de edificacións aséntanse con diferente orixe e función. Ao norte, asociado a un crecemento espontáneo, vinculado á praia de Vilar, esténdese un considerable número de edificacións apoiado nos viarios que dan acceso rodado a esta, no que se mesturan vivendas unifamiliares e edificios de bloque de vivendas con espazos públicos ao servizo da praia. As construcións asociadas aos núcleos tradicionais de San Martiño de Covas ou aos de San Xurxo da Mariña, ofrecen unha disposición lineal vinculada ás estradas C-3603, C-3606 e a que une Doniños con Punta San Xurxo. Mentres San Martiño e Vila de Irexa conservan a súa trama orixinal e bordo perfilado, Area da Vila xera unha periferia dispersa até tocar o sistema dunar.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

As principais vías son a C-3606 e C-3607 que atravesan de norte a sur a unidade no cambio de pendente que se establece entre zona postdunar e as ladeiras que a pechan cara ao leste. Partindo delas, débuxase unha densa rede de camiños asfaltados e carreiros que dan acceso aos núcleos de poboación, vivendas illadas e ás propiedades forestais e agrícolas.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Neste apartado destaca o petróglifo do "coto de San Xurxo" na parroquia homónima e os cimentos e escasos restos das baterías de costa de Esmelle e San Xurxo. É salientable a arquitectura relixiosa e funeraria que conforman o conxunto da antiga igrexa parroquial e o cemiterio de San Martín de Covas, e tamén a igrexa parroquial de San Xurxo.

**O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL**

Espectacular areal de pronunciada curvatura que queda perfectamente enmarcado por uns saíntes rochosos que a separan das praias contiguas. O fondo da escena queda pechado coas ladeiras tapizadas de especies forestais de repoboación. O sistema dunar compite por ocupar o espazo interior coas formacións hidromorfas que se desenvolveron ao redor dos cursos fluviais que desaugan na extensa praia. Esta é, sen dúbida, o elemento destacado, o "genus loci", xunto co extenso sistema dunar alterado por numerosas intervencións humanas. Os asentamentos tradicionais ocupan unha posición a media ladeira, distante da fronte de praia, ao contrario do patrón seguido polo rururbano espontáneo que busca a proximidade ao grande arco de praia.

**DINÁMICA DA PAISAXE**

Dánse cita dúas dinámicas de xéneses e tempos evolutivos diferentes. Unha natural, protagonizada polos elementos costeiros -areal e sistema dunar-e outra, ben distinta, que deriva do proceso de ocupación do territorio. Este responde a premisas socioculturais e económicas que derivaron, en tempo recente, cara a unha expansión construtiva sobre terreos próximos ao grande areal de San Xurxo, xerando un crecemento residencial alleo á tipoloxía e funcionalidade dos núcleos tradicionais presentes na unidade.

**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

**3. AVALIACIÓN**

**VALORACIÓN DA PAISAXE**

Existen poucas dúbidas sobre o enorme valor paisaxístico e ambiental do que goza este tramo costeiro próximo á cidade de Ferrol, da que depende administrativamente. Un conxunto escénico presidido por unha extensa praia de areas brancas, que se proxectan cara ao interior a través dun sistema dunar.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCÍONS





















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Creceamentos residenciais do extremo norte da unidade, desenvolvidos desde a estrada municipal que sobe ao cabo Prior ata o perfil das praias de Vilar, Lacha, Pareisal e San Xurxo, e que non presentan unha funcionalidade rural ou urbana. O obxectivo é integrar os baleiros como elementos xeradores de trama ou estrutura física e funcional, minimizando a presión sobre as praias e mellorar deste xeito a calidade escénica e ambiental deste lugar.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo

- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros



#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos











#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



